



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral		Código	652606621
Titulación	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	12
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Varela Urrutia, Roberto	Correo electrónico	roberto.urrutia@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves Varela Urrutia, Roberto	Correo electrónico	neves.arza@udc.es roberto.urrutia@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia céntrase na construción das competencias relativas á planificación do segundo e terceiro nivel de concreción curricular e integra as aprendizaxes promovidas desde outras materias do módulo xenérico e nomeadamente do módulo específico (Mercado laboral e formación profesional, Inserción e orientación laboral e Proxectos de innovación e investigación e Innovación docente).			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	5. (CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas
A8	8. (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá
A11	11. (CE-G11)Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
A13	13. (CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.
A14	CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade.
A15	CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A16	(CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinados.
A17	(CE-E3)Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A18	(CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A20	(CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A22	(CE-E8)Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A27	(CE-E13)Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A30	CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización..
A32	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia
A34	(CE-P5) Coñecer a tipoloxía empresarial correspondente aos sectores produtivos e comprender os sistemas organizativos máis comúns nas empresas (FP)
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Identificar as funcións do profesorado de FOL e calcular as súas retribucións.	AP5		
Describir o sistema de acceso a función docente no ensino público e privado e os requirimentos esixidos	AP16		
Integrar o enfoque de xénero nas programacións e nas unidades didácticas e comprender o súa importancia para acadar a equidade de xénero.	AP8 AP11		CM4
Analizar o organigrama dos centros onde se imparte a FP e das funcións do departamento de FOL			
Analizar o currículo dos módulos da especialidade de FOL e valorar as ausencias e potencialidades para formar persoas cun pensamento crítico activista sobre as desigualdades de xénero e a precarización laboral.	AP15 AP16 AP17 AP18 AP23		CM4 CM5 CM7
Deseñar unha programación dun dos módulos da especialidade e unha unidade didáctica da programación contextualizadas a nivel de centro e de alumnado.	AP13 AP14 AP15 AP16 AP18 AP19 AP20 AP21 AP22 AP23 AP24 AP25 AP27 AP30 AP34		CM1 CM3 CM6 CM7
Utilizar as TIC para a aprendizaxe profesional e para a promoción da competencia dixital do alumnado			CM3 CM6 CM7
Valorar o papel do profesor de FOL como dinamizador da formación de cidadáns críticos implicados na loita contra as desigualdades e a inxustiza social e reflectir esta perspectiva na planificación dos módulos da especialidade	AP8 AP13 AP14 AP32		CM4 CM7
Analizar, valorar a normativa aplicable á actividade docente na FP e trasladala á planificación dos módulos da especialidade.	AP13		CM4

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1.-Contexto organizativo y funcional de los centros de Formación Profesional.	<p>1.1. Normativa que regula la organización y funcionamiento de los centros de FP</p> <p>1.2. Tipoloxía de los centros de formación profesional, espacios y equipamientos.</p> <p>1.3. La organización docente en los centros de FP. Órganos de Gobierno y de Coordinación Didáctica. Proyecto Educativo, Proyecto Funcional</p> <p>1.4. El Departamento de Formación y Orientación Laboral. Composición y funciones. El trabajo en equipo. La colaboración con el Departamento de Orientación y en el desarrollo del PAT.</p>
Tema 2.- O corpo de Profesorado do Ensino Secundario: a especialidade de Formación e orientación laboral (FOL)	<p>2.1. Corpos de profesorado e categorías profesionais</p> <p>2.2..Sistema de acceso ó ensino público e o ensino privado</p> <p>2.2. Retribucións</p> <p>2.3.Autoemprego.</p>
Tema 3. Módulos da especialidade e normativa aplicable	<p>3.1. Módulos da especialidade nos ciclos LOXSE</p> <p>3.2. Módulos da especialidade nos ciclos LOE</p> <p>3.3. Formación en centros de traballo</p> <p>3.4. Normativa aplicable e implicacións para a planificación curricular</p>
Tema 3. Planificación nos distintos niveis de concreción curricular: do currículo oficial á programación de aula.	<p>3.1. A programación dos módulos</p> <p>3.2. A programación de aula</p>
Tema 4. Metodoloxía e avaliación	<p>4.1. Técnicas e estratexias metodolóxicas: tipoloxía e características</p> <p>4.2. Avaliación: tipos, técnicas e instrumentos.</p> <p>4.3. A participación do alumnado na avaliación: por que? Como?</p> <p>4.3. Avaliación e xestión da calidade nos centros de FP</p>
Tema 5. Educación mediática e TIC	<p>5.1. Educación mediática: concepto, finalidade e integración na programación dos módulos da especialidade</p> <p>5.2. Competencias dixitais docentes: que son e cales son?</p> <p>5.3. Recursos e ferramentas dixitais para o ensino e aprendizaxe dos módulos da especialidade..</p>
Tema 6. A atención á diversidade	<p>6.1. Atención á diversidade: conceptualización e medidas que prescribe a normativa.</p> <p>6.2. Estratexias e recursos para a atención á diversidade</p>
Tema 7. A integración da perspectiva de xénero	<p>7.1. Finalidades e modalidades de integración</p> <p>7.3. Experiencias e recursos</p> <p>7.4. Normativa, plans e actuacións específicas.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A6 A15 A16	3	0	3
Sesión maxistral	A19 A24 A25 A26 A27 A30 A34	18	0	18



Análise de fontes documentais	A15 A16 A17 A19 A24 C3 C4	12	57	69
Presentación oral	C3 C1	8	0	8
Aprendizaxe colaborativa	A13 A14 A15 A19 A20 A21 A23 A24	28	55	83
Simulación	A5 A8 A13 A14 A15 A16 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A32 C1 C3 C5 C6 C7	13	70	83
Prácticas a través de TIC	C3	1	3	4
Portafolios do alumno	A19 A23 A24 A27 C1 C4 C6 C7	0	15	15
Proba obxectiva	A16 A18 A19 A24 A30 A34	1	4	5
Atención personalizada		12	0	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	As actividades iniciais teñen como finalidade que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos, de xeito que se convertan nun referente para a análise e reflexión do que precisan aprender e das aprendizaxes construídas na materia.
Sesión maxistral	A sesión maxistral utilízase para presentar os sete temas que se abordan na materia.
Análise de fontes documentais	A análise das fontes documentais ten como finalidade o afondamento nos contidos presentados nas sesións maxistras e que fundamentan teórica e legalmente a planificación curricular.
Presentación oral	Consiste na presentación ante o grupo-clase da planificación do módulo de FOL e unidade didáctica).
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa está implícita no resto das metodoloxías que son realizadas en grupo.
Simulación	Consiste no deseño dunha programación e dunha unidade didáctica para un dos módulos da especialidade, contextualizadas nun centro, nun ciclo e nun grupo de alumnado. É un tarefa que se realiza en grupo e responde as características e pasos da aprendizaxe baseada en proxectos.
Prácticas a través de TIC	A utilización das TIC está relacionada coa construción da propia contorna de aprendizaxe e co papel do profesorado como curador de contidos. Estas dúas actividades son compartidas con outras materias do itinerario.
Portafolios do alumno	Consiste na elaboración dun informe de aprendizaxe no que o alumnado ha de dar conta: <ul style="list-style-type: none"> a) das aprendizaxes construídas a través das sesións maxistras, da análise de fontes documentais e das tarefas grupais e individuais. b) das necesidades de formación nas que ha de seguir formándose. c) da transferibilidade das aprendizaxes no período de prácticas e na realización do TFM
Proba obxectiva	Exame tipo test sobre os contidos máis conceptuais

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Simulación	A atención personalizada está destinada principalmente a supervisión e seguimento das actividades de simulación. O horario específico de titorías e as aulas interactivas son os espazos para a realización da titorización individual e grupal. O alumnado con matrícula a tempo parcial terá unha atención personalizada vencellada á modalidade de avaliación específica que se describe no apartado de avaliación.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A19 A23 A24 A27 C1 C4 C6 C7	Os criterios de avaliación son : - A amplitude das aprendizaxes - Concreción e reflexión sobre as necesidades de formación - A transferibilidade ó Practicum (observación e deseño da praxe docente) - Aportacións para a realización do TFM	30
Presentación oral	C3 C1	A presentación vai ser avaliada polo resto dos compañeiros e compañeiras a partir dunha rúbrica.	10
Simulación	A5 A8 A13 A14 A15 A16 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A32 C1 C3 C5 C6 C7	A programación e a unidade didáctica van ser avaliadas conforme ós criterios establecidos para cada un dos seus elementos (fundamentación teórica e legal; formulación de obxectivos e contidos; integración da perspectiva de xénero, das TIC, das competencias clave e da educación mediática; diversificación metodolóxica e primacia de metodoloxías activas; diversificación nas técnicas e instrumentos de avaliación e participación do alumnado a través da autoavaliación e coavaliación; e coherencia entre os distintos elementos). Na cualificación individual será tida en conta a contribución ó traballo en equipo e suporá ó 30% da cualificación asignada á tarefa de simulación.	40
Proba obxectiva	A16 A18 A19 A24 A30 A34	As preguntas abordan algúns contidos de tipo conceptual, vinculados á comprensión de terminoloxía específica	10
Prácticas a través de TIC	C3	Consiste na construción dun marcador social e da propia contorna de aprendizaxe. Os criterios de avaliación para o marcador son o número de recursos almacenados, o seu nivel de descrición e valoración e o sistema de categorías e subcategorías utilizadas para a súa almacenaxe. Para a contorna persoal de aprendizaxe terase en conta o número de ámbitos, recursos e ferramentas incorporados e a análise e valoración realizada polo alumnado sobre a súa contorna persoal de aprendizaxe.	10

Observacións avaliación



PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA AVALIACIÓN

Unha das premisas é que o alumnado participe no proceso de avaliación, participando na delimitación dos criterios de avaliación e cualificación e como axente da avaliación, a través de procedementos de auto e coavaliación. Por esta razón, os criterios de cualificación e de avaliación poden ser modificados.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN GALEGO A competencia lingüística en galego tamén vai ser obxecto de avaliación na presentación oral e nas actividades escritas grupais e individuais. O seu peso na cualificación final pode chegar até 1 punto. **ASISTENCIA** A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de facer individualmente e entregar as actividades realizadas na aula. No caso de non acadar o 80% de asistencia a cualificación será de non presentado. Para as persoas con matrícula a tempo parcial e dispensa académica hai unha modalidade de avaliación específica. Antes do inicio da materia teñen que solicitar unha titoría para establecer e o proceso de seguimento. O exame terá un peso do 30%, a actividade de simulación do 60% e e as prácticas TIC do 10%. **REQUIRIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA** A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas actividades de avaliación. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación en cada unha das actividades. Cando non se realice algunha das actividades de avaliación a cualificación será non presentado. Na avaliación da segunda oportunidade deberán de recuperarse as actividades non superadas.

É obrigatorio o uso dunha linguaxe inclusiva. O non cumprimento deste requisito terá consecuencias negativas na cualificación, restando un punto.

FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA

a) Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. b) Plaxio O plaxio será motivo de suspenso, en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC, que establece: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixianl, incljido aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC:

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf
<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - (). . - Elisabeth F. Barkley, D. P. Cross (2013). Técnicas de aprendizaje colaborativo. Madrid: Editorial Morata - EEmakunde (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género en el curriculum y en la actividad docente de las enseñanzas de régimen especial y de Formación Profesional. Vitoria: Servicio de Publicaciones del País Vasco - Johnson, D W. (2014). La evaluación en el aprendizaje cooperativo: cómo mejorar la evaluación individual a través del grupo. Madrid: Editorial SM - Prieto, A, Diaz, D. e Santiago, (2014). Metodologías inductivas. El desafío de enseñar mediante el cuestionamiento y los retos. . Barcelona: Océano - Rodríguez, G. y Ibarra, M.S. (2011). e-Evaluación orientada al e-aprendizaje estratégico en educación superior. Madrid: Editorial Narcea - Sanmartin, N. ((2010)). 10 ideas clave: evaluar para aprender . Barcelona: Editorial Grao - Universitat Oberta de Catalunya (2013). Educación Mediática y TIC . Barcelona - Xus Martín García (2016). Proyectos con alma. Trabajo por proyectos con servicio a la comunidad. Barcelona: Editorial Grao - (). .
Bibliografía complementaria	Para cada tema facilítase unha listaxe de bibliografía obrigatoria e a complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

